

DE MAIOR QUERO SER...

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE**0 DE MAIOR QUERO SER...****Obxectivo:** Reflexionar sobre o concepto de traballo.**Descrición:** Iniciaremos o diálogo preguntándolles que tipos de traballos coñecen, cales realizan eles de xeito cotián e cales realizan as persoas maiores. Logo anotaranse no taboleiro. O diálogo permitirá que se engadan outras actividades que realizan tanto os nenos como os adultos, en casa ou fóra dela. No taboleiro pódense anotar tódalas actividades para que posteriormente analicen se as consideran traballo o ben xogo ou ocio. Posteriormente copiaranse os dous listados no caderno distinguindo entre traballo e ocio.**Orientacións:** É importante facer fincapé no traballo que se realiza na escola. Así mesmo comentarase que os traballos que son remunerados e os que non. Hai que ter en conta que algúns traballos poden ser voluntarios ou caseiros e que todos contribúen para mellorar a vida dos demais.**1 NA CASA... NOUTROS LUGARES...****Obxectivos:** Recoñecer os diferentes traballos que se realizan no seu contorno mais próximo (familia, colexio e comunidade).**Descrición:** Unha vez completados os listados entre todos, agora de xeito individual debuxaran ou ben anotarán os traballos que realizan eles e as súas familias dentro e fóra da casa.**Orientacións:** Identifican os traballos que os nenos e nenas realizan no colexio e na casa, recoñecendo os sentimentos que lles produce realizar un bo traballo (¿Que traballos realizas no colexio?, ¿e na casa?, ¿por que pensas que é importante o teu traballo?, ¿por que debes esforzarte en facelo ben?, ¿como te sentes cando fixeches un bo traballo?, ¿como se senten as demais persoas contigo?...) Tamén poden comentar os seus sentimentos ante os traballos dos seus compañeiros ou familiares na casa, se os toman en conta, son agradecidos, etc. Posteriormente dialogan sobre o traballo dentro e fóra da casa que realizan os membros da súa familia, salientando a idea de cooperación. Poden velo tamén no contorno máis próximo da aula (distribución de tarefas, cooperación, responsabilidade, compromiso, etc.)**2 CO DIÑEIRO QUE A MIÑA FAMILIA GAÑA POLO SEU TRABALLO OBTEMOS...****Obxectivos:** Identificar as necesidades básicas que tódalas persoas teñen que ter cubertas para vivir con dignidade.**Descrición:** A partir do diálogo sobre o traballo remunerado dalgúns membros das súas familias, recoñecer que o traballo contribúe na satisfacción das súas necesidades básicas.**Orientacións:** Comentan en grupo en qué utilizan o diñeiro que reciben polo seu traballo os membros das súas familias. Recoñecen que algunhas desas cousas son indispensables para ter unha vida digna, é dicir, que son necesidades básicas: alimentación, vivenda, saúde, educación, contorno saudable, etc... Sen embargo consumimos / compramos máis cousas, ¿por que? Reflexionan en torno ás necesidades básicas e cómo as satisfacemos: consumindo bens e servizos que existen no mercado (roupa, alimentos, libros, xoguetes, educación, atención médica, servizos, etc.)**3 OLA, SON MOMEMA****Obxectivo:** Coñecer o caso concreto dunha familia afectada pola perda dun traballo remunerado, analizar as consecuencias que se producen no interior das familias.**Descrición:** A partir do testemuño de Momema achéganse á realidade das persoas e familias que non poden cubrir as súas necesidades básicas ó perder o seu traballo remunerado.**Orientacións:** Realizan a lectura do testemuño de Momema e comentan a situación de inxustiza que lle sucede á súa familia : ¿Onde traballaba a nai de Momema?, ¿que facía?, ¿por que se quedou sen traballo?, ¿como cambiou a vida de Momema desde aquela?, ¿coñeces outras familias que estean pasando unha situación parecida?, ¿como te sentirías no lugar de Momema?, ¿que pensas que pasará con Momema agora que deixou o seu colexio?, ¿que fixeron Momema e os seus compañeiros para defender o seu dereito á educación?

4 AS COUSAS PODEN CAMBIAR

Obxectivo: Coñecer un exemplo de mobilización, denuncia e organización no Sur dirixidos a reverter a problemática presentada.

Descrición: A partir da reflexión do caso de Momema e a súa familia , ler o texto "Os nenos e nenas fanse oír" e intercambiar opinións relacionándoas coas súas vivencias persoais.

Orientacións: Os nenos e nenas recoñecen que existen iniciativas para cambiar as situacións de inxustiza que viven moitas persoas no mundo. Comentan se nas súas comunidades se desenvolveron algunha vez marchas a favor (en defensa de algo), se participaron, se cren que son efectivas ou é importante facer que as autoridades escoiten as opinións dos cidadáns e cidadás. Identificar o Comercio Xusto como unha alternativa real de intercambio equitativo cos produtores do Sur e as súas comunidades.

5 ¿QUE APRENDEMOS?

Obxectivo: Expresar ideas a cerca dos contidos aprendidos. Elaborar propostas a nivel persoal e colectivo.

Descrición: Dialogan sobre o contido do monográfico e propoñen ideas para axudar a cambiar a situación de inxustiza que viven millóns de persoas no mundo.

Orientacións: Facer un listado de alternativas e propostas que poden desenvolver a nivel persoal e colectivo: informarse dos produtos que se consomen, pedirles ós pais que consideren produtos de Comercio Xusto ó facer as súas compras.

¿E NÓS QUE PODEMOS FACER?

Animámosvos a participar na proposta de comunicación por Internet "Conectando Mundos" de Intermón Oxfam.

Os alumnos poderán ver a historia animada de Momema, comentar con nenos e nenas doutras escolas os problemas cos que se encontra e escribir un último capítulo da historia no que se apunte algunha vía de solución.


Na dirección web <http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos> encontrarás a proposta detallada de "Conectando Mundos" para Segundo Ciclo de Primaria.

2º Ciclo de Primaria

DE MAIOR QUERO SER ...

Para min, traballar é...

Para min, ocio é...



1

NA CASA ... NOUTROS LUQARES



En casa...

Eu traballo

Outras persoas da miña familia



Noutros lugares...

No colexio, eu traballo...

Outras persoas da miña familia traballan...

2

CO DIÑEIRO QUE GAÑA A MIÑA FAMILIA POLO SEU TRABALLO OBTÉMOS...




Escribe as palabras que corresponden a cada debuxo e colorea cinco debuxos que consideres que son imprescindibles para vivir.



R



V



L



M



E



X




M



A



A



V



O



H



Son Momema e vivo en Dhaka, en Bangladesh. A miña nai traballaba nunha fábrica téxtil de confección de roupa. O salario non era moi alto, pero ese diñeiro era moi necesario para a familia. Eu estudiaba nunha escola do barrio, onde tiña moitos amigos e amigas.



Pero hai uns meses, a miña nai e outras traballadoras foron despedidas da fábrica. Os patróns dixeron que xa non lles podían dar traballo. Pero a verdade é que Europa e Estados Unidos compran menos produtos téxtiles a Bangladesh.

Moitos dos meus compañeiros e eu tivemos que deixar a escola e buscar traballo para axudar ás nosas familias. Espero poder regresar á escola axiña...



AS COUSAS PODEN CAMBIAR

O 28 de abril de 2002, nenos e nenas de Dhaka formamos unha grande cadea humana para denunciar esta situación e defender o noso dereito á educación.

4

¿QUE APRENDEMOS?

Ola, son

da clase de


de

e estes días aprendemos o seguinte:



¿E NÓS QUE PODEMOS FACER?

Proposta de participación telemática escolar de Intermón Oxfam



conectando_mundos



Mudar as regras é posible,

a túa escola pode participar en CONECTANDO MUNDOS.

www.conectandomundos.org